

DECRETO ALCALDÍA

Asunto: Fixación orde día sesión extraordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas e Facenda

Logo de ver que á altura do exercizo económico non foi aprobado o orzamento municipal para o ano 2021 e que é necesario darlle cobertura ó gasto realizado e a proxectos pendentes de execución.

E non puidendo esperar este asunto a estudarse na vindeira sesión ordinaria da Corporación municipal.

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

RESOLVO

Primeiro.-Convocar a sesión **extraordinaria da COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E FACENDA**, o día **31 DE AGOSTO DE 2021 (MARTES)**, ás **09:00 horas (nove da mañá)** no **Salón de Plenos da Casa do Concello** en primeira convocatoria e de non haber "quorum" suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois.

ORDE DO DÍA

1	CONSTITUCIÓN COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E FACENDA
2	APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO MUNICIPAL 2021

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros titulares da comisión informativa facendo efectiva esta resolución. Os membros titulares da mesma, xunto cos correspondentes suplentes, son os que se recollen na seguinte táboa:

TITULAR	SUPLENTE	GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL
PRESIDENTE:MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	MARÍA ESTHER ESPASANDÍN TURNES	PP
JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ TORREIRA	JOSÉ GARCÍA SUÁREZ	PP
JOSÉ ANTONIO UCHA VELO	CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE
BLANCA MARÍA CARMEN RUZO BLANCO	JOSÉ MARÍA ESPASANDÍN MARTÍNEZ	PSdeG-PSOE
DAVID BARBEIRA GARCÍA		(Grupo m. mixto (CxG))

Terceiro.-Os membros titulares da comisión informativa, que de seguido se relacionan, quedan notificado/s coa sinatura/remisión do presente decreto por correo electrónico:

TITULAR	GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL	
MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	PP	REMITIDO POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ TORREIRA	PP	REMITIDO POR CORREO ELECTRÓNICO
JOSÉ ANTONIO UCHA VELO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
BLANCA MARÍA CARMEN RUZO BLANCO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
DAVID BARBEIRA GARCÍA	Grupo m. mixto (CxG)	REMITIDO POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL

Esta resolución notifícarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, (na data da sinatura dixital)

A alcaldesa

María Josefa Pose Rodríguez

Dou fe. O secretario accidental
(PR da DXAL do 25/03/2021
PDecal núm. 1019/2021 do 05/08/2021)

Evaristo Lois Rama